

# O Tinteiro de Pápirus

## O CEIP A Pedra estrea Biblioteca

### Pápirus

Para inaugurar a nova biblioteca e festexar o meu aniversario fixemos unha gran festa o 24 de Outubro, que é o Día Internacional das Bibliotecas Escolares.

Invitei a todos os nenos e nenas ao meu Bibliocastelo que foron chegando aos poucos ao longo da mañá.



A entrada da nova biblioteca

## Os momentos de tele compartidos son máis formativos

O departamento de orientación da unha serie de consellos para que as familias saiban elixir os programas máis axeitados ás idades dos seus fillos e fillas, así mesmo destácase a necesidade de non confundir a fantasía televisiva coa realidade. Cada vez observase máis no colexio este comportamento debido a programas como o Pressing Catch.

### EDITORIAL

Pápirus preséntase aos novos lectores do CEIP A PEDRA.  
Páxina: 2

### TESOUROS DA PEDRA

Inauguración da nova biblioteca e as actividades conxuntas do centro.  
Páxinas: 3 - 9

### A NOSA LABOR

Os alumnos e alumnas do CEIP A PEDRA realizaron cooperativamente diferentes traballos nas aulas.  
Páxinas: 10 - 17

### PAIS E NAIAS

A influencia da televisión no desenvolvemento dos nenos e nenas.  
Páxina: 18

### SABÍAS QUE.

Curiosidades sobre animais mariños.  
Páxina: 19

### RECOMENDACIÓNS

Opiniós sobre libros, películas, música...  
Páxinas: 20-21

### SOCIEDADE

Celebración do día de San Valentín.  
Páxina: 22

## Almorzos saudables no cole

No segundo trimestre os nenos e nenas de 1º e 3º participaron nunha xornada de "almorzo saudable" co fin de adquirir novos hábitos alimenticios. De cara ao próximo trimestre serán os nenos e nenas de 2º e 4º os que vivan esta nova experiencia.

## A maqueta do pobo de Bueu con material reciclado

Os nenos e nenas de 3º e 4º primaria elaboraron nun obradoiro de Nadal unha maqueta do seu pobo empregando diferente material de desfeito: briks de leite, de zume, pinzas da roupa, cartóns



Estes son algúns dos libros que podes atopar na Biblioteca

de ovos. Esta maqueta permanece exposta nos corredores do colexio.

## Benvidos ao Tinteiro de Papyrus: un novo xornal

OLA A TODOS E TODAS!!!

Xa todos/as me coñecedes, son a vosa mascota Papyrus, pero por se aínda hai algún despistado que xa non se lembre de min, empezarei contándovos un pouco a miña historia:



Papyrus no seu Bibliocastelo

"Hai moitos anos cando eu vivía no meu castelo feito de rochas negras, chamado A Pedra, gustaba moito de escoitar historias antigas. Pero un día as cousas cambiaron, o vento empuxou as augas do mar cara abaixo e os animais mariños seguiron, agás eu, que decidín quedar no meu castelo. Un día cando espertei dun longo sono atopeime nunha biblioteca chea de moitos libros con nenos e nenas, era un lugar maravilloso, cheo de aventuras, imaxinación e diversión, tanto me gustou que dende entón é o meu novo fogar. Cando vou de viaxe sempre volto co cofre cheo de agasallos e sorpresas que recollo para vós. Ás veces quedánme historias no tinteiro pero xa sabedes que para iso teño unha boa axudante,

a meiga Cocorola, atópase na porta do meu castelo, se queredes poderdes axudarnos coas vosas cartas de suxerencias, opinións...

Agora que xa vos refresquei a memoria sobre a miña historia, sígovos poñendo a proba: Lembrádesvos daquela revista que faciamos todos os anos chamada ANACOS? Seguro que a vosa memoria de elefante non se esqueceu dela, pois ímola despedir con moito agarimo e sentimento. Como xa vos anunciei o curso pasado agora quero andar outros mares e presentarvos un novo xornal "O Tinteiro de Papyrus" onde todos participamos para estar ben informados e saber todo o que acontece no noso entorno.

Se as longas viaxes e as moitas ocupacións mo permiten espero poder facervos chegar o xornal unha vez por trimestre, xa sabes, antes da Semana Santa e do verán. Vai tomando nota e recollendo ideas para a próxima edición antes das vacacións de xuño tanto das novas que acontezan no cole como no teu pobo ou entorno.

Espero que a nova experiencia do xornal vos axude a estar ao día e ben informados para que non se vos escape ningunha nova, sempre gozando co maravilloso mundo da lectura.

*Un bico e unha aperta, do teu sempre amigo Papyrus.*

## Aniversario de Papyrus

Para inaugurar a nova biblioteca e festexar o meu aniversario fixemos unha gran festa o 24 de Outubro, que é o Día Internacional das Bibliotecas Escolares.

Invitei a todos os nenos e nenas ao meu Bibliocastelo que foron chegando aos poucos ao longo da mañá. Gustoume moito porque non faltou ninguén, todos cantamos "O aniversario feliz" en varios idiomas (castelán, galego, inglés), recibín moitos agasallos: debuxos, libros especiais con dedicatorias e poemas feitos con moito agarimo por todos vós, incluso algúns atrevéronse a recitarme as súas creacións poéticas. Conto sabén estes nenos!!



Nenos e nenas agasalhando a Papyrus

Como en toda celebración de aniversario nunca debe faltar **A torta**, e como os nenos e nenas de infantil sabén que son moi larpeiro fixéronme unha enorme e saberosa torta de chocolate, estaba booooooooooooooooo!!!!!!

Como remate de festa obsequiei os nenos cun marcápáxinas personalizado e unhas lambetadas para deixar bo sabor de boca.

# A nova biblioteca do CEIP A PEDRA

O CEIP A Pedra no curso 2007/2008 estrena nova biblioteca.

## Pápirus

Como todos xa sabedes, este ano concedéronnos o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, que é un "premio" que nos deron por traballar tanto e ben na biblioteca, para que todos poidades aproveitarvos dos libros e da lectura. Os profes do CEIP A PEDRA máis eu recibimos uns cartas, e así foi como puidemos facer as obras para ampliar o meu Bibliocastelo, agora temos o dobre de espacia, a verdade é que xa estaba quedando un pouco pequeno ¿a que quedou chulo?! Agora pódeme ver no meu novo recuncho "O RECUNCHO DE PÁPIRUS", teño un cofre de tesouros cheo sempre de libros novos que vou mercando nos meus viaxes, espero que che gusten todos! Xa sabes que aínda non os podes levar para casa ata que estean nos andeis.




Cofre dos tesouros de Pápirus

Imos lembrar a organización, é dicir, como está repartido o espacia na nosa nova biblioteca.

Na zona de cor azul están os libros recomendados para os máis pequenos (de 3 a 7 anos). Alí podes atopar de todo, dende os Bolechas, ata os contes de OQO, e para que poidas estar a gusto pódeste por cómodo nas

ordenados alfabeticamente por autores, debes colocalos ben nos andeis.

Este ano estamos ampliando moito a sección amarela, onde se atopan os libros de información, podédelos empregar para consultar todas as vosas dúbidas: enciclopedias, dicionarios, libros de ciencias, animais, plantas,



Plano da biblioteca do CEIP A Pedra

alfombras ou ... Xa probaches os novos sillóns? Aínda non? Son moi cómodos para perderte nas aventuras dun bo libro!

Se tes de 7 a 9 anos, a túa zona é a vermella, pódeste enganchar aos contos de Disney, coas aventuras de Kika Superbruxa, Junie B. Jones...

Se es maior de 9 anos os teus libros e autores preferidos están na sección verde onde atoparás as últimas novidades: o embruxo do val dos dragóns, o misterio dos sete enigmas e a maxia de Fairy Oak...

Lembra que nestas seccións (vermella e verde) os libros están

música, historias e xeografía...

Hai moitas novidades nesta sección como por exemplo as coleccións de ÉRASE UNA VEZ EL HOMBRE e ERASE UNA VEZ EL CUERPO HUMANO, que xa todos sabedes de que van.

Estes libros da zona amarela están ordenados por un sistema que se chama C.D.U. para entendernos mellor, por materias, cada andel ten un número e o tema de que tratan os libros alí colocados por exemplo:

03. Enciclopedias.Dicionarios.

59. Zooloxía.

93. Historia.

53. Física

Se che gusta o Teatro ou A POESÍA atoparás libros interesantes na zona vermella, se prefires os cómics Mortadelo e Filemón, Zipi e Zape, Marsupilami....tamén nesta sección podes vir a rir con eles.

Lembrades aqueles libros dos sentimentos que tanto vos gustaron? A(antipatía), B(Bochorno)... e os feelings, sill aqueles de Violeta Monreal, están na zona vermella nunha sección chamada VALORES, onde atoparás máis, que nos ensinan a respectar e querer moito aos



Nenos e nenas na exposición do mar

demáis.

Este ano estamos traballando o tema do Mar, que é onde eu vivo, prepareivos unha EXPOSICIÓN DE LIBROS co título "No fondo do mar hai moito que ler", para que poidades aprender moitos cousas de min e dos meus amigos, ademais hai moitas outras historias preciosísimas: A ve!g quenlla perde os dentes, Don caballito de mar, 20.000 leguas de viaxe submarino...

Estes libros non se poden levar para a casa, so se poden ler e

consultar na biblioteca, teñen uns debuxos do fondo do mar impresionantes.

A carón dos libros do mar hai un expositor onde están colocando libros dalgúns autores, a ver se os coñeces? Anxo Fariña, Agustín Fernández Paz e Carles Cano, moi pronto os vos saudar

persoalmente, polo menos a algún deles; ademais dos libros que xa estades a ler destes escritores e ilustradores hai moitos máis que podes levar en préstamo para coñecelos un pouco mellor: Que medo, mamá Raquel, La escuela de piratas, Os pés no aire...

Acabase de inaugurar a sección laranxa: O RECUNCHO AUDIOVISUAL onde atoparás películas, documentais sobre temas moi interesantes... polo de agora só están preparados para o préstamo os seguintes DVD: "Grandes tribus do mundo", "Lugares históricos", "Grandes aventuras animais", "Las mejores escapadas", "Érase una vez el hombre", "Érase una vez el cuerpo humano" pero axiña dispoñemos de moitos máis. Poderedes levar un para a casa ademais dun libro de lectura. E deixei para o final unha novidade que penso que vos gusta moito: "O RECUNCHO INFORMÁTICO" onde están os ordenadores que podedes empregar nos recreos para facer consultas, buscar información sobre temas que estedes a traballar na clase e que queirades ampliar.

Fai uns días empezou a funcionar



Nenos e nenas no recuncho informático

un novo horario nos recreos para o uso da biblioteca e dos ordenadores debido a que erades moitos os que viñades cambiar libros e a empregar o ordenador.

## Papirus felicita aos mellores lectores da biblioteca

Ferreira Juncal, Ánselmo 3ºB

Malvado Reiriz, Christopher 6ºB

Vidal Nogueira, Lara 5ºB

Paz Lorenzo, Salvador 5ºB

Pereira Chapeló, Martín 2ºB

Ogando Martínez, Pedro 2ºB

Miguez Cervoño, Yara 2ºB

Moares García, Paloma 4ºB

Barcia Otero, Aaron 2ºA

Sanjorge Santos, Nadia 4ºB

Iglesias Vilas, Raquel 2ºA

Martínez García, Alicia 2ºA

Estévez Estévez, María 2ºA

Martínez Freire, Zulema 6ºB

Martínez García, Pablo 3ºB

Piedras Santos, Marcos 3ºB

Reiriz López, Alicia 3ºB

Calviño Juncal, Paula 3ºA

Juncal Peixoto, Uxío 2ºA

Curra Piñeiro, Emma 2ºA

Graña Ventín, Nerea 2ºA

Patillo Santos, Diego 2ºA

# O ciclo das actividades no CEIP A Pedra

Xa sabedes, son moi festeiro e gústame moito a troula, por eso sempre estou argallando celebracións.

Aló por outubro empezamos a divertinos con bruxas, pantasma e demais personaxes de medo, todo para o **Samain** que é o 31 de outubro, unha festa típica galega na que te disfrazas con roupas terroríficas para amedrentar aos demais. No cole fixéronse varias actividades: unha exposición de cabazas, habías de todos os



tamaños, con moitos adornos, con velas, con pelo do maízo, con sombreiros... tamén puidéronse ler contos de medo, a profe María Rey disfrazouse de bruxa e invitou a todos os nenos ao "Castelo" de infantil para contar unha terrorífica historia "A Bruxa regañadentes", e tamén a profe Nuria organizou



contacontos para os nenos e nenas de 1º e 2º. Os máis pequenos foron de visita a Alódn, a un castelo abandonado no medio do bosque. Cando chegaron ao lugar parecía estar encantado,



das árbores colgaban morcegos, había velas acendidas e unha bruxa dentro do castelo cun caldeiro preparado para facer un conxuro. Os nenos e nenas foron moi valentes, sentíronse moi agostiño gozando coa bruxa da merenda. Para que non se digal



No mes de Novembro celebrouse o magosta, festa na que a castaña é a protagonista. O martes 6 despois do recreo realizáronse diferentes xogos tradicionais no patio, os nenos e



nenas puideron divertirse cos paraquedistas, coa corda, cos sacos, coas cadeiras, co pano, seguindo as pistas das castañas... Despois de tanta actividade coméronse as saborosas castañas que asou

Ramón, qué boas estaban!!! Os de infantil gustoulles máis festexalo o venres, tamén comeron moitas castañas e os pais e nais axudaron a preparar todo.

Xa acabando o 2007 celebrouse por todo o alto o Nadal, empezouse adornando o cole, o mércores 5 de Decembro, organizáronse obradoiros decorativos: un obradoiro plástico: con figuras de plastilina fíxose un belén, con papel de moitas cores uns destellantes peixes móbiles...; nos obradoiros musicais cantouse e bailouse ao ritmo de música tradicional. O traballo realizado foi satisfactorio, resultou un navideño colexi!!! Neste ambiente preparouse con presas e nervios o Festival de Nadal, os nenos e nenas de primaria celebráronmo o 21, no Centro Social do Mar. Os de 1º



representaron unha panxoliña, os de 2ª ensináronnos como facer un rosco de reis, os de 2ªB prepararon unha panxoliña en inglés, os de 3ª escenificaron "Gaspar, o pastor de lebres", os

de 3ºB dramatizaron "O piollo e a pulga", os de 4º interpretaron panxoliñas nun mar de linguas, os de 5º saíron ao escenario cunha "pasada de modelos" e os de 6º cantaron "Pedindo o aguinaldo".

Cando rematou o festival marchouse de volta ao cole, tanto paseo e tanta diversión abriu o apetito, en cada aula preparouse unha comellona navideña cos doces que cada neno e nena trouxo da súa casa, qué bo estaba todo!! No medio da troula e da ledicia unha importante visita chegou ao cole, quen podía ser? Sí sí!!! As nosas maxestades OS REIS MAGOS!! Por grupos os nenos tiveron a oportunidade de saudalos e de recordarlles a súa lista de peticións, eles moi



Visita dos Reis Magos ao colexio

atentos tomaron nota e insistiron moito que para poder recibir os agasallos hai que portarse ben durante todo o ano. Tampouco se esqueceron de dicir que nesas datas ao igual que no resto do ano hai que compartir: os xoguetes, libros, contos... cos demais compañeiros. Así é como chegaran as esperadas vacacións.

Á volta, os nenos e nenas de infantil déronlle a benvida ao novo ano 2008, fixeron a conta atrás pedindo un desexo e tomando un "lacasito" por cada unha das doce badaladas, como é de esperar este foi un día de



Desfile dos nenos e nenas de A Pedra por Bueu.

festa, de música, diversión... e así é como os máis pequenos festexaron este día.

Despois da resaca de festas, comidas, regalos... o 2008 comezouse traballando a todo trapo, ás portas tiñamos o entroido e o día da Paz.

No día Paz recórdase a importancia desta palabra aínda que sempre é necesario telo presente, nunca hai que esquecelo na vida diaria ao longo de todo o ano.

O día da celebración, o 31 de Xaneiro, fixéronse debuxos alusivos á Paz para representar o que lle suxire a cada un. Despois do recreo os nenos e nenas de primaria marcharon ao Centro Social do Mar para ver a película que ofreceu o "Seminario da Paz": "O Rato Pérez"; estivo moi entretida!!

O entroido este ano como din os máis maiores "caeu moi alto" que ven a ser que foi moi cedo, a primeiros de febreiro.

No colexio estanse a aprender moitas cousas do meu entorno: O MAR polo que se pensaron



diferentes disfraces marítimos.

Os de 3 anos afondaron nas profundidades e disfrazáronse de "fondo mariño", os de 4 representaron a unhas persoas moi importantes no mundo do mar, foron "de mariñeiros e redeiras", os de 5 anos cunhas negras cunchas déronlle vida a uns animados mexilóns. Os de 1º buscaron un personaxe mitolóxico e vestíronse de "Neptuno" o rei dos mares, os de 2º máis televisivos foron de Popeye e Olivia, os de 3º que son moi



Festexo do entroido no CEIP A Pedra

curiosos e atrevidos foron de "Mergulladores" e a 4º gústanlle as historias de piratas da "Perla Negra" e disfrazáronse de Jack Sparrow, os de 5º e os de 6º foron dos grandes navegantes do S.XV de "Cristóbal Colón".

Foron varios días os que se necesitaron para confeccionar os disfraces e ultimar todos os detalles. Coa axuda duns e doutros, papás, mamás, profes... quedaron uns lucidos disfraces, daba gusto velos!!! Despois de tanto traballo tocou presumir e troulear, como sempre, fíxose un desfile polas rúas ata a casa do Concello. Este ano non se lle

orballo con ameaza de choiva forte, non os deixou, os disfraces empezaron a descolorar!!! Foi unha faena!!! Os de primaria continuaron o percorrido para voltear ao cole, pero como isto do tempo non hai quen o entenda, deixou de orballar e puideron ir ao concello. Daba gusto velos a todos xuntos disfrazados, levando pancartas e cantando por Bueu. Diante da casa do concello bailouse e representáronse contigas, eee sorpresa!!! Tamén apareceron os nenos de 4 anos, os mariñeiros, para reivindicar coa súa cantiga a necesidade dun novo ximnasio!



Os pequenos na praza do concello

podía sacar ollo ao ceo, estaba moi escuro e a choiva ameazaba, pero as ganas de gozar dos disfraces polas rúas foi máis forte e saíuse igual. Cando todos estaban listos, subínme ao coche e encargueime da música e de ir abrindo camiño: arrancouse do cole de primaria a recoller aos nenos e nenas de infantil para desfilar todos xuntos pero o

Con paso apurado volteouse ao cole porque a choiva quería facer das súas, á chegada cada grupo foi para as aulas a rematar a festa con orellas, filloas... que cada neno trouxo da súa casa para saborear os doces do entroido. Así é como comezou a troula do entroido no cole que se continuou polo pobo nos días seguintes de vacacións.

## 8 de Marzo día da muller traballadora

O venres 7 de marzo as 12 da mañán, o alumnado de 5ºA acudiu o Concello a recoller os premios que lles otorgou o xurado do concurso de viñetas. Os premiados resultaron ser Nicole e André ós que todos felicitaron polos seus traballos. Ó mesmo



Mención especial ao traballo de André Novas 5ºA



Mención especial ao traballo de Nicole López tempo o alumnado do 2º ciclo pasábas moi ben na nosa biblioteca co contacontos, tamén organizado polo Concello, a cargo de María Carrera que coma sempre fíxonos rir e pensar en valores como a igualdade, a colaboración, o respecto ...

# Cultura mariñeira

Este ano estamos a traballar no colexio O Mar, os seus animais, a súa flora, os ecosistemas mariños... Contamos coa colaboración da Confraría de Pescadores de Bueu que nos ofreceu ata o de agora dous obradoiros para o alumnado do 3º ciclo: A biodiversidade nas rías (sobre este obradoiro os alumnos de 6º elaboraron murais de ecosistemas mariños que quedaron fantásticos e dos que vos amosamos unha mostra) e a importancia para a pesca da entrada de España na Unión Europea.

Tamén nos pareceu interesante investigar sobre a cultura mariñeira, tipos de embarcacións tradicionais, artes de pesca, historias, pero para isto necesitabamos a colaboración de toda a comunidade educativa, e como sempre os nosos papás e mams, avós e avoas están presentes no noso colexio. Grazias a súa axuda estamos a recopilar un sinfín de información sobre estes temas coa que elaboraremos libros para a nosa biblioteca e editaremos un monográfico no 3º trimestre.

**Que beneficios lle fixo á pesca a entrada de España na Unión Europea?**

A Unión Europea constituíuse cando Alemaña, Francia, Italia, Luxemburgo, Países Baixos e Bélxica, firmaron o tratado de

Roma. Este tratado firmouse no ano 1957, despois da 2ª guerra mundial. Moitos países europeos quedaron moi afectados e formaron esta unión para que as persoas que non tiveran traballo nun país puidieran ir a sen de ter que pasar.

España entrou na Unión europea con Portugal e Grecia, no ano 1986. Cando nós entramos a

ronse as industrias.

A área da pesca tamén beneficiou: capturas, técnicas modernizadas, máis máis control, subvencións, facilidade de negociación, aseguran o futuro dos mariñeiros dándolles un soldo se o que que pescar non o poden pescar.

Na Unión europea existe un órgano, chamado Consultivo Re-



Mural realizado polos netos e netas de 3º ciclo

"Europa dos doce". Actualmente hai vinte e sete países. Antes de entrar na U.E., non podía pescar nos países da Unión Europea e esa foi unha das causas que levou a España a ingresar nesta unión tan importante.

España obtivo moitos beneficios: temos mellor calidade de vida, somos moi importantes na industria, igualdade social, recibimos becas, usamos a mesma todos os países da U.E., modernizá-

cional, no que se representan: os mariñeiros, as conserveiras, os grupos ecologistas e os científicos ( con voz pero sen voto).

A Confraría de Bueu propúxolles unha medida a U.E., para vender mellor os seus produtos: poñerlles unha etiqueta con información aos polbos pescados en Bueu que explique onde, cando e quen o pescou.

André 5ªA



# Entrevista a Josefa González Rúa

Co gallo do día da muller traballadora (8 de Marzo) este ano, promovido polo CIM, os alumnos e alumnas de sexto curso, entrevistaron a Josefa González Rúa. Unha muller de 94 anos, que vive en Bueu, e traballou dende os 14 anos.

*Cómo lembra a súa infancia? Cónvenos algunha anécdota que lle ocorrese(a vostede, seus irmáns ou amigos/as) relacionado coa vida en Bueu.*

Un día foi a Pontevedra cuns zapatos de charol que lle dera a súa nai. De camiñar tanto pola carretera chea de pedras, desgastáronselle moito.

*Cómo diría que era a educación nunha casa calquera dunha familia mariñeira en Bueu, por exemplo a súa? ¿Eran duras as seus pais? ¿Castigaban moito?*

Naquela época os nosos pais pegábannos pero era polo noso ben.

*Se foi vostede a escola, que mestras tivo? ¿Que facía cando non estaba na escola?*

Eu tiña 5 anos cando fun á escola por primeira vez. Había unha mestra para todas as idades e ensinábanos a ler e escribir. Cando non estaba na escola estaba traballando na casa.

*¿Que facía cando era pequena? Se de nena tiña que traballar, que tipo de traballo facía?*

Eu traballaba na casa. Lavaba a roupa, fregaba, lavaba os pratos, cuidaba aos meus irmán pequenos...

*De pequena gustáballe ler?*

Encantábame ler, lía de todo.

*Cantas anos tiña cando casou? ¿Como foi a súa voda?*

Tiña 21 anos, sen luxos porque non nolo podíamos permitir. *Vostede comezou a traballar cedo na fábrica, por que, como foi?*

O motivo foi que eu traballaba moito e non me daban nin un peso e eu quería gañar algo. Fun unha



Josefa González Rúa no colexio A Pedra

mañá a xunto do dono e pedínlle para traballar e el aceptou.

*Traballou moitos anos na fábrica de Massó? Tanto traballo serviu para algo?*

Traballei alí dende os 16 ata os 29 anos, que foi cando me fun para Pontevedra. Gañábase o suficiente para comer.

*Cantas horas traballaba ó día?*

Case todo o día, non había horarios. Traballei en Massó, en Ons vendendo teas, na casa...

*Nalgún dos traballos que tivo tiña que desprazarse ata lugares como Ons, Portanovo, etc. ¿Cómo o facía? ¿Cómo describiría a illa nesa época?*

Si. Para ir a Ons ía nunca pequena dorna con outras xentes e ao resto dos traballos ía camiñando. Naquela época na illa había un fairo e unhas poucas casas.

*Pola súa idade podeceu moitas guerras e penurias-¿que lembranzas ten vostede das guerras... sobre todo da Guerra Civil Española... como o sentían na casa... como repercutiu na vida normal*

*como muller e xa como traballadora?*

Non me gusta lembrar eses tempos polas desgracias que me pasaron, levaron é meu home á guerra.

*¿Cal diría que foi a mellor época da súa vida? E por qué?*

Agora, porque estou xubilada . O único que

me falta é o marido, pero xa moreu, polo resto, teño de todo.

*¿Cal é o seu recordo favorito?*

O nacemento dos meus fillos , a miña voda.

*¿Cambiaría a vida que tivo por outra nos tempos de agora?*

Non. Porque antes había moito máis amor. Todos eramos como unha familia, pero agora xa non.

*¿Que lle diría desde a súa experiencia ás nenas e nenos, homes e mulleres de hoxe en día para que non pasen as penurias que noutros tempos tivo que pasar?*

Que haxa moito amor, paz e, sobre todo, tranquilidade.

## Festa de fin de ano no cole de A Pedra

Os nenos e nenas de infantil

Os nenos e nenas de infantil fixemos unha festa no ximnasio.

Huobo cotillón

Comemos 12 lacasitos

Puxémonos moi guapos

Celebramos o ano novo

Bailamos moito



Os de infantil festexando o fin de ano

## De infantil a primaria

Os nenos e nenas de 1ª e 1ºB quixeron dar a súa opinión sobre a diferenza que atoparon entre a etapa de Primaria e a de Infantil.

Contestaron un cuestionario cos seguintes resultados.

### CUESTIONARIO

1. ¿ Que cambios notaches no colexio de Primaria en comparación co de Infantil?

A maioría contestou que non se xoga tanto e que hai que traballar máis.

Algun@s tamén din que o patio de abaixo era máis grande e outros resaltan que agora teñen aula de informática.

2. ¿ Que é o que máis che gusta de Primeiro?

Aquí as respostas son variadas: os meus compañeiros/as, traballar, \* O profe, colorear, ler, a clase de informática, aprender cousas novas.

3. ¿ É moi difícil 1º de Primaria? ¿ Ou é fácil?

Unanimidade: FÁCIL.

4. ¿ Hai que traballar máis ou menos que en Infantil?

Unanimidade: MÁIS.

5. ¿ Que é o que menos che gusta do Primeiro curso?

Respostas para tódolos gustos:

Nada, gústame todo; que teño que estar calado; temos menos tempo para xogar; Matemáticas/ restar; os deberes; que hai que traballar moito.

6. ¿ E do colexio?

- Que o patio é moi pequeno.

- O ximnasio tiña que ter máis cousas para xogar.

- Gústame todo.

- É moi vello

7. ¿ Quérenos dar a súa opinión sobre algún aspecto do colexio ou facer algunha suxerencia?

Nesta pregunta pasaron a opinar os pais/nais dos nenos e a maioría opina que o colexio está ben, pero que debería estar máis coidado por parte das Administracións Públicas para dotalo dunhas mellores instalación deportivas.

## O rato Pérez

Os nenos e nenas de 1º de Primaria fomos ó Centro Social de Bueu a mirar a película " O Rato Pérez" e o que vos podemos contar dela e o seguinte:

\* Érase unha vez unha nena chamada Lucía que caeu cos patíns, bateu cun moble e caeu un dente. Foise á



cama e puxo o dente debaixo da almofada. De noite veu o Rato Pérez a deixarlle unha moeda pero un home malo chamado Pipo secuestrouno para que non lle deixara máis agasallos ós nenos e nenas. Entón Lucía e o seu curmán Ramiro foron a rescatalo e pasaron moitas e divertidas aventuras. Ao final lograron salvar ó Rato Pérez e ós seus ratillos e deter a Pipo, ó comandante Fugaz e ós seus secuaces.

Foi moi divertida, o que máis non gustou a todos foi cando o Rato Pérez lle clava no cu a xiringa a Pipo e se lle pon toda a cara azul. A todas as persoas malas e sen corazón lles debía de pasar o mesmo".



Debuxos realizados polos alumnos de 1º.

# Novembro Culinario

Os cocifeiros de 2º experimentan postres no cole.

Alá polo mes Novembro os nenos e nenas de 2º trouxemos a cociña á clase: como nos gustan tanto as lambetadas e os doces, as mestras propuxéronnos facer uns ricos postres. Elas xa saben que o que máis nos gusta é o chocolate, eehhhhh **SORPRESA!!!** Un día

**Torta de chocolate** e outro **trufas**. Foron dous días especiais: primeiro fixemos a torta de chocolate os nenos e nenas de 2ºA, ao día seguinte na hora do patio convidamos aos compañeiros e compañeiras de 2ºB. Á semana seguinte os nenos e nenas de 2ºB fixemos as trufas e tamén nos gustou compartilas cos compis de 2ºA. Viva o novembro doce!!!!!!

Estas son as nosas receitas tomade nota e probade a facelas!

## AS TRUFAS DE 2ºB



Ingredientes:

- 2 tabletas de chocolate Nestlé.
- 2 tabletas de chocolate Milka.
- 2 culleres de auga.
- 140 gr. manteiga.
- 6 xemas de ovos.
- Fideos de chocolate

Elaboración:

Botar nunha pota auga e manteiga xunto co chocolate, poñelas a lume lento ata que estea ben derretido.

Quitar do lume, engodir as xemas e mesturar coa batidora.

Cando xa estea listo e un pouco frío metémolo no frigorífico ata o día seguinte.

Con esta masa facemos bolifas pequenas e rebozámolas en fideos de chocolate.

¡UUM e listas para comer!!!!!!!!!!!!

## A TORTA DE CHOCOLATE

Ingredientes:

- 2 paquetes de galletas María.
- 2 tabletas de chocolate Chaparrro.
- 1 litro de natillas.
- 2 litro de leite.

Elaboración:

O chocolate mestúrase co leite para facer un bo chocolate á taza.

As natillas fanse cun sobre de Flanin disoltas nun litro de leite.

Botamos nun prato fondo un pouco de leite, mollamos as galletas de unha en unha e colocámolos

# Os nenos de 2º en correos

Neste curso aprendemos entre outras moitas cousas as partes dunha postal, cada neno e nena escribiulle unha a un compañeiro/a a elixido ao chou.

O día do Samín, o 31 de outubro, despois do recreo disfrazámonos cuns aterrificos gorros de bruxa e fomos de paseo polas rúas de Bueu ata a oficina de Correos. As empregadas da oficina moi gustosamente ensináronnos as súas dependencias, leváronnos o lugar de almacenaxe das cartas e alí explicáronnos a viaxe que percorre unha carta dende que se bota no buzón ata que chega ás nosas casas.

Áo remate da visita botamos as postais no buzón correspondente e despois impacientemente esperamos a que chegasen ás nosas casas para saber que nos escribieran os compañeiros e compañeiras.



Nenos e nenas de 2º botando cartas no buzón.

# Almorzo saudable

O venres 22 de febreiro os nenos e nenas de 3º de E.P. do C.E.I.P. "A Pedra" tomamos un almorzo saudable na escola.

Con un bo almorzo estaremos mais fortes e poderemos estudar mellor.

Antes de empezar a almorzar fixéronnos unhas recomendacións para ter unha alimentación sa:

- Almorzar sen presas.
- Hai que tomar un bo almorzo para ter enerxía e que nos funcione ben a mente no cole.
- No almorzo debemos tomar lácteos (leite, queixo ou iogur), froitas e
- É moi saudable tomar zume de laranxa acabado de
- Hai que tomar peixe, polo menos dúas veces á semana, por

que ten tantas proteínas como a carne pero ten menos graxas, e as graxas son malas para as veas.

- Temos que tomar froita e verduras todos os días.
- Non debemos comer moi rápido e temos que mastigar ben os alimentos.
- Temos que comer un pouco de todos os alimentos, e non só o que nos gusta, porque noso corpo necesita proteínas e vitaminas.
- Non debemos abusar do doce.
- Para "picar" entre horas o mellor é tomar froita.

-As verduras e hortalizas podémolas tomar cociñadas de moitos xeitos.



Nenos e nenas de 3º saboreando un almorzo saudable

## Debuxamos a dieta

Alumnos de 3º

*Toma vitaminas, calcio e proteínas e terás enerxía para todo o día.*



*Leite, froita e cereais debes tomar, se queres ben almorzar.*



*Para ben almorzar alimentos saudables debes tomar, e así axudaranche a pensar.*



*Se queres medrar, vitaminas e calcio téis que tomar*



*Leite, froita e cereais debes tomar se queres ben almorzar*



## Quen dixo que traballar non é divertido?

Os rapaces e rapazas de 4º B teñen uns pais moi divertidos, senón, vede as pequenas anécdotas que deixaron escritas.

Os alumnos e alumnas de 4ºb transformáronse nun día en auténticos xornalistas.

Como verdadeiros profesionais do periodismo levaban unhas preguñiñas preparadas.

Aquí vai unha mostra das respostas máis ENTRETIDAS.

Preparados ... listos ... a rir!!!

Cal foi a cousa máis divertida que lle pasou traballando?

- "Un día montando un ordenador antigo xuntei dous cables que non debía e, o acender, o equipo fixo ¡Pum! e botou moito fume branco"

Ezequiel (Técnico informático)

- "Cando rompeu unha tubería e

nas mollamas"

José Ramón (Oficial encofrador)

- "Mentres traballaba os meus fillos facían o que eu facía, se limpaba o po, eles tamén querían limpar"

Sofía (ama de casa)

- "Servir un pincho nunha carpa que estaba cuberta de lama e enterrábanse os zapatos"

Miriam (camareira de catering)

- "Inoudouse o bar"

María José (Limpadora)

- "Cando cheguei ao porto, fun en

moto acuática"

Jaime (Mariñeiro)

- "Un día, na hora libre, fun pescar e caeume a caña no mar e ti ven que tirarme á auga coa roupa para buscala"

Jose Manuel (Estibador portuario)

- "Estando embarazada, un neno díxome moi enfadado como camera a un bebé"

Ami (Mestra)

- "Cando confundin o freo co acelerador"

Carlos (Condutor de ambulancia)

- "COBRAR"

Manolo (Mariñeiro)

- "Nunha das miñas gardas, parei o coche para deixar pasar un xobarín"

Ángel (Vixiante)

- "Cando puxemos o peixe a bordo e vimos unha foca"

Salvador (Mariñeiro)



## Concerto dos gaiteiros da Xistra

O día 11 de xaneiro celebrouse en Pontevedra, un concerto de música popular. Os nenos e nenas disfrutaron da presentación dos personaxes, que eran os propios instrumentos: charrasco, pandeireta, a gaita, o tambor, ... e do concerto final.

Teresa de 4º B, tivo a alegría de participar enriba do escenario como colaboradora, vestida de mariñeira xunto con outros nenos cantou ao son da música.

## Xigantes

Miro Magariños presentou a obra de teatro Xigantes no Centro Social do mar de Bueu. Este actor é coñecido como Elías na serie Libro de Familia da TVG. Representou a un carpinteiro. Escoitando a radio recorda historia contada polo seu avó.

"Había 3 ogros: Pancho, Poncho e Pincho. Pancho rompía pedras, Poncho comía animais e Pincho árbores. Moita xente que vivía naquela aldea mandou protestas á alcaldesa, e esta mandáballos ao seu axudante e este ao policía.

Ningún sabía que facer. Un día un arlequín convenceunos para que ser bos: o que estragaba árbores plantáboas, o que comía animais coíddoas e o que rompía pedras usáboas para construír". (Paloma e Juan).

Durante a obra, tres alumnos foron escollidos para representar pequenos papeis, Paloma de 4º B fixo de alcaldesa, Anselmo de 3º de axudante e Rafa de 6º de policía.

¡Os tres ABRAIARON co seu talento ao actor galego!

# Poetas de A Pedra e Ana M<sup>a</sup> Fernández

Os nenos de 4<sup>o</sup> A do colexio "A Pedra" relatan para a redacción deste xornal a súa experiencia. Todo empezou lendo esta poesía:

*Todos os nenos do mundo  
Teñen dereito  
A ter catro avós e catro avoas  
Como catro sales,  
Para escoitar mil contos  
A carón do lume.*

*Todos os nenos do mundo  
Teñen dereito  
A xogar ás catro esquinas  
E a ter centos de amigos,  
E a perderse nas apilladas,  
Entre as casas dos veciños.*

*Todos os nenos do mundo  
Teñen dereito*

*A ter catro soños  
É catro castelos construídos  
Na areia das súas praias  
Mentres contan as ondas  
Que non teñen número.  
Todos os nenos do mundo  
Teñen dereito  
A ser  
Un millón de veces felices.*

**Ana M<sup>a</sup> Fernández**

O poema gustounos moito, tanto polo que dicía por como o dicía. Descubrimos o ritmo e a musicalidade cando a recitamos. Ocurruenos logo facer un debuxo e tamén inventar novas estrofas utilizando o mesmo pé. A primeira das estrofas fixémosla entre todos, e despois cada un inventou a súa.

## Facendo poesía...

*Todos os nenos do mundo  
Teñen dereito  
A ir á escola  
A saír ó patio  
A ter con quen xogar  
E tamén a aprobar.  
(nenos de 4<sup>o</sup>A)*

*Todos os nenos do mundo  
Teñen dereito  
a aprender  
a ir á escola  
e cos seus amigos  
Divertirse e xogar.  
(Pedro)*

*Todos os nenos do mundo  
Teñen dereito  
A ter un pai  
E unha nai  
Máis un tío e unha tía  
E un avó para xogar.  
(Laura)*

*Todos os nenos do mundo  
Teñen dereito  
a ter algún xoguete  
para xogar  
e algún amigo  
Para charlar.  
(Mariña)*



Debuxo de Yara



Cenxurosa de Ana María Fernández feito por Rosa

# Coñecendo a Ana M<sup>a</sup> Fernández

Nenos e nenas de 4<sup>a</sup>A

Espertóusenos a curiosidade por saber algo da súa autora, Ana M<sup>a</sup> Fernández e buscamos en Internet. . Atopamos entón a súa biografía. Pois sí, resultou ser a autora de outros moitos libros. Este poema estaba incluído dentro dun libro que se chama "Tres voltas ó planeta". Escribiu ademais outros moitos libros sempre para nenos, e de diferentes estilos, poesía, teatro, e narración. Algúns en colaboración cun tal Xoán Babarro . Dedicouse tamén a elaborar libros para o aprendizaxe do galego e a traducir a esta lingua varias obras de literatura infantil. Acadou varios premios como o primeiro

premio do "Concurso de Contos Infantís O Facho" nos anos 1977 e 1978. Os premios "O Barco de Vapor" Nos anos 1985 e 1989.

A nosa curiosidade foi medrando Agora desexámbamos saber cousas da súa vida, un pouco de cotilleo, xa sabedes. Levámonos moitas sorpresas. A que non sabedes an-



Ana María Fernández

de naceu? Pois en Palma de Mallorca, estrañounos un montón,

pois sempre escribe en galego, e nas Illas Baleares que nos separamos non se fala a nosa lingua, se-

nón o castelán ou o catalán. A súa data de nacemento é o 9 de maio de 1949. A nosa mestra, fíxonos entón indagar cantos anos ten actualmente , e cunha simple resta descubrimos, que na actualidade , tiña 58 anos. Que máis podíamos investigar? Pois ben, descubrimos que era mestra, e isto sí que lle topamos sentido, pois estaba claro que collecía ben ós nenos, o cal lle facilitaba facer este tipo de literatura. Tamén descubrimos con quen estaba casada e se chama Xoán Babarro, que casualidades da vida tamén é mestre e ... , pois claro! Escritor! Todo isto supémolo despois de ler a súa biografía.

## Historias das nosas familias

### Biografía da avoa de Manuel

A miña avoa naceu en Cangas en Maio de 1918 e morreu en xuño de 1994.

Era a maior de tres irmáns, creceu nunca aldea de Cangas, Coiro.

Ós 7 anos axudaba ós seus pais nas tarefas do campo e a coídar dos seus irmáns máis cativos. Foi moi pouco á escola polo que a penas sabía ler e escribir . Ós 15 anos empezou a traballar na fábrica de Massó, en Cangas ata que se casou ós 22 anos. Tivo 7 fillos e o máis novo de todos foi meu pai.

Foi unha muller moi valente e traballadora. Foi quen de sacar

adiante ós seus fillos con fame e sacrificio, combinou a familia co traballo do campo.

Eu son o neto máis novo dos 23 que tivo. Non tiven a oportunidade de coñecela pois morreu antes de nacer eu. Aínda así, sintome moi orgulloso de ter unha avoa tan loitadora.

(Manuel 4<sup>a</sup>A)

### Biografía da bisavoa de Lara

A miña bisavoa chamábase Rosa López Patiño. Naceu na Illa de Ons en Agosto de 1914 e morreu o pasado mes de Novembro á idade de 93 anos. Ela era a máis nova de 12 irmáns. Traballou no campo dende a súa infancia polo

que non foi á escola e nunca aprendeu a ler nin a escribir. Casouse ós 17 anos con Domingo, 11 anos maior ca ela e natural de Sta Uxía de Ribeira. Tivo sete fillos pero na actualidade só viven tres. Rosa, a miña avoa é a máis nova, naceu no ano 1952.

Sabedes a que se dedicaba a miña avoa cando vivía na illa de Ons? Pois era a comadroeira, e iso que endexamos fora á escola.

No ano 1971 trasladáronse a vivir a Bueu e quedou viúva en 1991.

Viviu os últimos anos da súa vida coa miña avoa e co meu avó, rodeada do cariño dos seus fillos, netos e bisnetos.

(Lara Patiño 4<sup>a</sup>A)

## Bueu co reciclado

Nenos e nenas de 4ªA

Este ano propuxéronos que no taller de Nadal, os nenos do 2º ciclo fixeramos unha maqueta dunha vila mariñeira con material de reciclaxe. Trouxemos da casa cartóns de brick, palillos, pinzas, caixas de cartón, cartóns de ovos. Repartimos o traballo: uns fixeron coches, outros fixeron barcos ou farolas e a 4ªA tocounos facer as casas da vila. Vámo-lo contar dunha maneira orixinal.

Formato receita®

INGREDIENTES

Un cartón de ovos

Brick de leite cortado pola metade

Pinceis

Tesoiras

Cinta adhesiva

Papel de xornal

Cola

Témperas

Purpurina

Cartolina ondulada

Moita imaxinación!

**MODO DE ELABORACIÓN:** Péganse o cartón de ovos co brick do leite, quedando o cartón dos ovos como tellado da casa. Logo cúbrese o cartón do leite con papel de xornal e pintase coa témpera. Deixamos secar a pintura para poder colocarlle as portas e as ventás con cartolina ondulada previamente cortada. Pódese acabar de decorar a casa botándolle purpurina.



Abel Diu

## O parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Nenos e nenas de 5º

Está composto polos arquipélagos de Cíes, Ons, Cortegada e Sálvora e o seu contorno mariño. Nas súas augas gazamos de ecosistemas mariños atlánticos de grande riqueza biolóxica.

Estas illas, agás a de Cortegada atópense situadas nas entradas das diferentes rías ( illas Cíes na ría de Vigo, Ons en Pontevedra, e Sálvora na de Arousa, ). Isto fai que a súa cara oeste estea exposta as ondas e temporais do océano Atlántico, mentres que na parte leste se atope o abrigo delas. Esta disposición das illas é a que fai que disfrutemos de distintos fondos mariños: fondos rochosos, fondos de area, fondos de mael e fondos de cas-

se nas súas gretas ( caramuxos) e tamén resgardándose nas altas algas laminarias ( ourizos, cangrexos...)

**Fondos de area:** onde o mar atopa lugares tranquilos e en repouso, sedimento areas formando praias. Nestes fondos areosos as algas non poden suxeitarse, e os bivalvos ( ameixas, berberechos, vieiras) entérranse para non seren arrastradas polas correntes. Nestes fondos camúflanse os peixes planos.

**Fondos de Mael:** onde os restos de algas calcáreas se acumulan formando capas. Só viven as algas das capas superiores. Cas súas formas crean un enramado onde viven larvas e pequenos animais.



callos.

**Fondos de rocha:** As ondas e as correntes do mar baten con forza. As algas e animais soportan os golpes ancorándose a elas ( percebe, mexilón ) ou meténdo-

**Fondos de cascallos:** onde se acumulan cachos de cunchas de bivalvos e de caracois. Estas cunchas son aproveitadas como esconдите por vieiras, zamburiñas...

A abundancia de organismos mariños sustenta im-

portantes poboacións nidificantes de aves mariñas como as da gaivota patiamarela ou as de corvo mariño cristado.

A gaivota patiamarela distribúese polas costas europeas.



Hai 30.000 reproductoras nas illas atlánticas.

O corvo mariño cristiado: ten unha cresta na cabeza na época reproductora, ten unha cor negra e un corpo estilizado que lle permite perseguir aos peixes. Nas illas cóntanse 2.000 parellas reproductoras concentrando así o 80% da poboación Cántabro-Atlántica. Fan os seus niños refuxiados nas gretas das rochas máis baixas do cantil.

**A Flora :** Na flora das illas Atlánticas, a luz, as ondas e outros factores condicionan a distribución da flora mariña. Na cara oeste das illas pódense atopar bosques submarinos de algas pardas e praderías de seba( planta acuática con flor) ambas dúas ofrecen refuxio as crías dos peixes.

A flora terrestre debe protexerse do sal, da area e do ven-

to. O parque alberga unha variedade vexetación. Estas illas son moi ricas en dunas. As dunas son montículos de area móbiles. Por iso obrigan as plantas a presentar adaptacións especiais. Están plantas están protexidas porque son moi fráxiles. A vexetación das dunas está ameazada pola abertura de camiños, por iso ten tanta importancia non saír dos



Illas Cies

seamos por elas.

Os cantís só permiten a supervivencia de plantas moi adaptadas. Isto é debido as ondas que chocan violentamente coas rochas.

A historia das illas remóntase a Prehistoria onde pobos precristiáns pasaron polas illas e asentáronse nos castros que logo ocuparían os romanos. Principalmente alimentábanse de marisco e pescado. Na idade media as illas recibiron a visita dos piratas que as utilizaron como base. Os máis coñecidas foron os viquingos. As illas foron ocupadas por distintas ordes relixiosas a quenes lles foron doadas no século IX polos reis Alfonso II e III. Na idade Moderna repítense os ataques piratas entre os que destacan os ingleses que cos seus ataques provocaron o abandono das illas. A nova calma serve para a instalación de fábricas de salgadura e secado de peixes que volve a repoboar as illas. O traslado destas fábricas a costa das rías nos anos 20 foi o motivo dun novo despoboamento. Nos anos 50 nace o seu interese turístico, e que nos anos 80 e 90 poñen en perigo a súa conservación e foi o que fixo pensar en protexelas, nacendo pouco despois o 1 de Xullo do 2002 o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

carreiros ou camiños cando pa-



Escollastes moitas veces iso.

¿Será verdade?

¡Si!

ESTUDA AINDA TES TEMPO.

## DO YOU SPEAK ENGLISH???

Falas inglés??? Aínda non!!! Pois agora na biblioteca dispós dunha nova sección "English Library" (A biblioteca de inglés) onde podes aprender moitas palabras e expresións novas para mellorar o teu inglés ademais de aproveitar coa lectura de books, tan divertidas como as viaxes de PEPE MOUSE o Ratón viaxeiro (The travelling mouse) por toda Spain (Barcelona, Madrid, Santiago de Compostela, Seville...) en dúas versións: unha máis sinxela para os máis pequenos e outra máis complicada e con actividades para os maiores...

Xa coñecedes os contos de OQO?:

Corre, corre cabaciña,

A bruxa regañadentes,

Chocolate

O Papón... A que son divertidos?? Pois agora podes atopalos tamén na English Library, convertidos en Run, run Pumpkin run, the tooth gnashing Witch, Chocolate and the glutton...



Ándel da sección de inglés da biblioteca

## XOGOS A MAR DE SALGADOS

**MAREMOTO:** Todos libres polo espazo. As catro esquinas da pista correspóndense a unha zona determinada: mar, barco, praia, terra. Noméanse cada unha destas zonas e deben ir alí o antes posible.

A voz de "Maremoto" deben acu-



Alumnas e alumnos de 4º xogando no xineiro de centro

dir a unha zona segura, Praia ou Terra para non afogar.

**Variantes:** O número de zonas. Diferentes tipos de desprazamentos.

**PESCA SUBMARINA:** Repártense os nenos-as en dous equipos (submarinistas na praia e peixes no mar). Os peixes desprázanse reptando mentres os submarinistas collen aire na praia para e entran a zona delimitada como mar inspirando, tempo durante o cal teñen que intentar coller a un peixe e volver a praia sen coller aire (emitindo un son). Os peixes capturados convértense en submarinistas.

**Variantes:** A maneira de desprazarse.

**QUENLLAS E SARDIÑAS :** A

clase 2/3 son sardiñas e un 1/3 quenllas. As quenllas teñen unha cova onde levan as sardiñas que van capturando, estas móvense libremente entre as rochas do fondo mariño( aros) podéndose refuxiar nelas un máximo de 10" expulsadas do aro se outra entra. No fondo mariño haberán a metade de rochas que de sardiñas, tamén poden librar as compañeiras da cova tocándoas.

**Variantes:** Diferentes tipos de desprazamentos.

**A ILLA:** Con xiz delimitase un espazo no chan, no centro do cal se traza un círculo cun diámetro superior o dun disco voador

Colócase un disco voador dentro do espazo delimitado no chan. Os xogadores sitúanse fora de dito espazo. Entre a metade e dous tercios dos participantes teñen un balón.

A unha sinal, os que teñen balón o lanzan tratando de que golpee o disco voador. Ninguén pode pisar, en ningún momento, dentro do espazo acoutado.

O obxectivo do grupo é conseguir que o disco quede depositado dentro do círculo central.



# Ensínalle a ver a televisión

A televisión produce un gran impacto no desenvolvemento dos nenos e nenas.

Departamento de orientación

O noso principal obxectivo é contribuír á mellora da calidade do ensino ofrecendo recomendacións que axuden ao axeitado desenvolvemento dos nenos e nenas.

Na liña de continuar o traballo iniciado no 1º trimestre a través do tríptico informativo sobre a mellora do rendemento escolar, a aproveitamos a oportunidade que nos brinda Papius de participar na 1ª edición deste xornal, facendo fincapé na repercusión da televisión na vida dos nenos e nenas porque é un dos medios de comunicación que máis influencia ten hoxe en día.

Dende o departamento de orientación dirixímonos a vós, pais e nais, para que fagedes unha reflexión sobre os diversos temas de interese.

Os nenos e nenas conviven de forma natural coa televisión. Comparten cos seus amigos, amigas e familiares os seus contados, e o que ven nela intervéñen no seu desenvolvemento como persoa. A televisión debe ter o seu lugar na vida dos nenos e nenas como calquera outra actividade de ocio, xogar, saltar, ler, escoitar música...), pero o uso excesivo da televisión provoca, entre outras cousas, illamento e falta de co-

municación, afectando ás súas relacións cos demais.

Outra consecuencia do uso abusivo da TV é a constante exposición a contidos, ás veces, inapropiados para a súa idade propiciando en ocasións ideas, actitudes e comportamentos pouco axeitados (demasiados fantasiosos, violentos...).



Dois loitadores no ring do Programa Pressing Catch

Por exemplo, determinados programas como "Pressing Match" fomentan nos nenos e nenas comportamentos violentos, xa que a tenden a imitar o que ven na pantalla e non perciben que os loitadores están actuando. Ultimamente observamos no recreo que os nenos e nenas imitan os xestos dos actores do programa, e o que empeza sendo un xogo, ás veces remata mal.

## Recomendacións

- Limitar o tempo ante a TV dunha a dúas horas ao día para deixarlle espazo a outras actividades: estudar, ler, xogar cos amigos, conversar coa familia...
- Eliminar a TV á hora de cantar, dedicar máis tempo a conversar

sobre o feito no día.

- Sacar a televisión das habitacións porque así non se poden controlar os contidos, saca horas de sono...

- Evitar os programas con violencia explícita: verbal, física...

- Conversar cos fillos e fillas sobre o que se está mirando na televisión sinalando comportamentos positivos como cooperación, amizade... e sobre o papel da publicidade.

- Aprenderlles que os personaxes das películas ou programas de televisión están realizados por actores, explicándolles a diferenza entre realidade e ficción.

## Entón, que facemos??

- Asumir a responsabilidade de elixir a programación máis axeitada para a idade dos nenos e nenas.

- Gravar os programas para miralos noutro momento máis conveniente.

- Aproveitar as posibilidades educativas e de comunicación familiar que en ocasións nos ofrece a televisión.

- Estimular os nenos e nenas para que practiquen deportes, lean...

Cunha boa orientación o seu fillo ou filla pode aprender a usar a televisión dunha maneira saudable e positivas.



NON TE PEGUES A TELEVISIÓN

## As Orcas

¿Sabías que ...

Poden medir máis de 9 m. e pesar ata 3 toneladas

A súa boca está armada duns impresionantes dentes. É o depredador máis colosal do planeta.

Vive en todas os mares do mundo, pero son máis abundantes en mares fríos circumpolares.

Son moi voraces, atacan incluso as grandes baleas.

Para cazar as focas, as orcas emerxen con forza da auga, sendo capaces de romper co seu focillo bloques de ata 1 m de espesor sobre os que están descansando as focas.

As orcas emiten ultrasonidos que rebotan no corpo das súas vítimas e volven ata ela, isto permítilles localizar as súas presas, por iso cando a orca sae a



cazar os habitantes do mar quédanse quietos para non ser descubertos.

## O cabalo de mar

¿Sabías que....

Ten só mide entre 10 e 15 cm.

Enróscase coa súa cola nos talos das plantas mariñas para non ser arrastrado polas correntes.

A pesar de chamarse cabalo de mar é moi lento, algúns exper-



tos din que tarda 2 días en percorrer 1 Km.

Aliméntase de pequenos organismos (plancton) e tamén de crías de peixes moi pequeniñas.

Respiran por branquias coma os peixes.

Os encargados de dar a luz as crías dos cabaliños de mar son os machos.

## A anguía

¿Sabías que ...

As anguias femias son máis grandes que os machos. Poden medir 1,50 m ata 2 m . E tamén poden vivir máis tempo , 8 anos os machos e ata 12 anos as femias.

A súa pel está cuberta por unha sustancia viscosa que as fai moi escurridizas e as protexe.

A maior parte da súa vida viven nos ríos e nas marismas. Cando chegan a súa madurez sexual prepáranse para un longo viaxe ata o mar dos Sargazos.

Para prepararse para esta viaxe tan dura cambian de cor, agrandan os ollos, e agudizan o olfacto para precaverse dos perigos. Tamén deixan de comer acumulando antes unha grande cantidade de graxa para poder soportar esta longa viaxe de máis de 2 anos.

No mar dos Sargazos apa- réanse e desovan. As crías son



arrastradas polas correntes ata chegar as desembocaduras dos ríos. As que deciden quedarse por alí , en augas salgadas son machos, e outras seguen subindo río arriba por augas doces, estas son femias. Este viaxe dura uns 3 anos.



## LIBROS

Queredes ler aventuras de dragóns? Non deixedes de ler **O último dos dragóns** de Carles Cano. Está na biblioteca do cole. (Abel García 4º A)

Algun de vos leu "Fairy Oak El secreto de las gemelas"? Escribiuno Elisabeth Gnone. A min regaláronmo cando estaba no hospital e encantoume. (Laura P. 4º A)

O libro que máis me gustou na miña vida foi "A casa da mosca chosca". Está na editorial Kalandraka e podes atopalo na biblioteca do cole na zona azul. (Manuel 4º A)

Gustaríame que todos os nenos do mundo puidesen ler algún libro da colección de Kika Superbruxa. A nos encántanos. Podédeles ler en castelán ou en galego. Están na biblioteca do cole. (Carla e Mariña 4º A)

O meu conto preferido é "O señor Mago e a folia" escrito por Toño Núñez. Antón atopa unha folia que fala. Un día dáse conta que está moi só e decide converter á folia nunha nena. Interesante, verdade? (Ángela 4º A)

Este é o meu libro preferido "A fábrica de Chocolate" Se podes lelo non esperedes máis tempo. É moi entretido. (Jhonatan 4º A)

Recoméndovos que leades a trilogía "Memorias de Idhun" escribiuno Laura Gallego García, trata duns rapaces que se converten en seres máxicos.

Animovos a que os leades!!!!  
(André Novas 5º A)



Recoméndovos que leades os libros de "Sucesos inexplicables". Trata de varias historias de distintos autores nas que ocorren sucesos estraños... Gustarache lelos todos, ademais... Podes atopalos na nosa biblioteca escolar!!!!  
(Irene 6º B)



Se vos gustan os dragóns tendes que ler "El tesoro del dragón" de Ignacio Martínez. A min encantoume. (Ivan 4º A)

Encantáriame que todos tivesedes a oportunidade de ler "Billy incubo un huevo". Billy é un pato que atopa un ovo e pensa que o puxo el. Pensades que algún animal macho pode poñer un ovo? Lédeo porfa, vale a pena. (Abel Diz 4º A)

Recoméndovos a colección Narnia de C.S. Lewis para os que lle gustan as aventuras e os seres mitolóxicos. Trata duns rapaces, distintos en cada entrega, que se confrontan a inimigos como: naiños das neves, reis tolos... non vos conto mais, porque tedes que disfrutar vós.

(Anxo Dopazo 6º A)



Gústame moito a colección de Knister: Kika Superbruxa porque é unha nena que un día atopou un libro de maxia, e dende entón viaxe no tempo. É un libro de aventura e fantasía.  
(Aldara Barreira 6º A)



Encántame ler pero hoxe cócrreseme animarvos a ler "Astérix e Cleopatra" Seguro que vos gusta tanto como a min pois está en formato cómic. Foi escrito por Goscini e as ilustracións son de Uderzo. Papirus ten un exemplar na biblioteca do cole.  
(Yaiza 4º A)

## PELÍCULAS

É unha película de acción na que o protagonista ten que axudar a uns nenos para que non lles quiten os seus animais "dmons" (mascotas máxicas).

(Lara Fondiño 6ºB)



É unha película cómica, na que os seus protagonistas levan a cabo unha serie de accións divertidas que provocan o sorriso do espectador

(Abrahan Novas Verde 6ºB)



Mirócherdes algunha vez a peli de "O Grinch" O seu protagonista é un home co pelo verde. Eu non me canso de mirala. (Cris 4ºA)

### Stuart Little 3

"Gústame porque o protagonista, un rato, é moi valente e captura unha besta"

(Tatiana. 4ºB)

Recomendo esta película aos amantes dos cómics de Asterix e Obelix. Os nosos galos preferidos viaxan ata Grecia para participar nos xogos olímpicos. A princesa grega Irina, prometida a Bruto (fillo de Xulio César), ofrece a súa man ao gañador final dos xogos. Astérix e Obelix tratan de axudar ao seu amigo Lunatix que está perdidamente namorado de Irina. Pero complicase porque non poden empregar os poderes do bebedizo máxico. É unha película moi divertida e chea de acción: botarás unhas boas risas con ela. Gustaravos moito. Tedes que vela!!!! (Fernando Llorente 5ºA)



A peli que máis me gustou ata o de agora foi a de Sherek 2º Xa a debín ver máis de 10 veces. E ti, animaste? . Agustín 4ºA.

Encantariame que mirasedes a peli "Piratas do Caribe 3" Teñen que ir a rescatar a Jack Sparrow. (Lara P 4ºA)

### Los increíbles

Gústame porque os personaxes teñen poderes, son bos e salvan a Terra. (David 4ºB)

## CDs

Escoitastes o último disco de David Civera? Se vos gusta bailar e cantar non podedes deixar de pedilo polo voso aniversario. Ten moita marchal. Jhonatan 4ºA.

Non me canso de escoitar o CD de Pedro Guerra "Bolsillos Rotos". Escoitádeo se tedes oportunidade e prestade moita atención a letra. A min a canción que máis me gusta é a nº 11.

(Pedro 4ºA)

### Mojinos Escocios

"Gústame moito por que din o r en vez do l e os personaxes son moi divertidos."

(Tatiana 4ºB)

### Mika

Eu recomendaríalle á xente o 1º disco de Mika porque me parece moi, moi divertido e anima nos momentos tristes. A primeira canción é a que máis me gusta."

(Teresa. 4ºB)

### Me gusta el fútbol

É unha canción que fala de fútbol. O protagonista conta canto lle gusta o deporte e a primeira vez que viu un partido co seu pai.

(David. 4ºB)

### Rammstein

É un grupo alemán de rock que fai boa música e con voces increíbles.

(Miguel T. 4ºB)

# San Valentín: o xogo do amor

"El amor no es sólo un sentimiento. Es también un arte"  
*Honorato de Balzac. Os nenos e nenas de A Pedra quixeron mostrarnos tamén a súa arte.*

Para aqueles que pensen que este día celébrase desde hai pouco e que xurdiu polo interese dos gran-

des centros comerciais, hai que sinalar que realmente a súa orixe remóntase á época do Imperio Romano. O emperador o Claudio II prohibiu, mediante un edicto, o matrimonio porque dicía que os

recen casados negábanse a ir á guerra. Foi entón cando o bispo Valentín comezou a casar ás parellas de xeito clandestino. A rebelión do cura pronto foi descuberta e Claudio ordenou que o decapitasen. Encarcerado, mentres esperaba a súa morte, coñeceu a Julia, a filla do seu garda, e namorouse. Julia era cega e un milagre atribuído ao amor do cura permitiulle recuperar a vista. Valentín foi executado o 14 de febreiro e na súa tumba, segue a lenda, Julia plantou unha amendoeira. Hoxe esta árbore, é considerada símbolo de amor e amizade  
O Día dos Namorados non é igual

en todas as partes do mundo, cada país ten os seus costumes e formas de celebralo. Os nenos ingleses cantan cancións especiais de amor e a cambio reciben agasallos, doces, froitas ou diñeiro

En Italia celebran un banquete coma se dunha gran festa se tratase



"El Bacio" de Gustav Klimt

En Dinamarca, enviar flores brancas prensadas chamadas pingas de neve ás súas persoas máis queridas. Pola súa banda, os homes daneses envían cartas chamadas *gaekkebrev* (carta graciosa), e no remitente escriben unha rima pero non asinan co seu nome senón con puntos, un por cada letra do seu nome. Se a muller que a recibe adiviña quen a enviou, el recompénsaa cun ovo de Pascua

En Xapón miles de namorados se achegan ao monte Fuji para tocar a "Campá do Amor" tres veces mentres pronuncian o nome do seu amado.

## O amor na Pedra

Pensando nos teus azuis ollos,  
nos teus beizos vermellos,  
e ese peite que alisa os teus cabelos dourados:

A miña alegre voz canta,  
os meus pequenos pés bailan,  
e o meu gran corazón sabe,  
que te volverei a ver cada mañá.  
(Lúcia 6ºB)

A un amor

O meu corazón latexa moi forte  
cando podo verte,  
se non te podo ver  
no meu interior non para de chover.

Que alegría, que alegría  
estou contigo todo o día.  
Que ilusión, que ilusión!  
divírtome unha chea.  
(Marta 6ºA)

Hoxe vin unha rosa,  
vina florecer;  
pero non é nada comparada  
co teu sorriso ao amencer.  
Se foses bolboreta  
gustárame ser flor,  
para poder ofrecerche  
o máis bonito pétalo.  
(Inés 6ºB)

Ao meu querido amado  
Onte soñei contigo  
estabas ao meu lado,  
preto daquel río  
onde me bicaches.  
Ese bico tan bonito  
que xamais puiden esquecerlo.  
É ás veces penso e dígame  
Onde está o meu amado?  
fúcheste un día de frío  
con cara de amargado  
e aquel bico tan bonito  
aínda non o esquecín.  
(Rebeca 5ºB)

## CREBACABEZAS DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS GALEGAS

ANGULEIRO  
BALANDRO  
BALOTE  
BENHAYÉN  
BOTE POLMEIRO  
BOTE KETREIRO  
BUCETA  
CHALINA  
DORNA  
FALUHO  
GALJÓN  
GAMELA  
GOLETA  
LANGHA  
LANGHA DA XÁBESA  
PAZEBOTE  
PATADIE  
PERLO  
QUÉSHERKÁN  
RACÓ  
TRAFÓN  
TRASERIBA  
TRINGADO  
VOLANTEIRA

R	J	X	J	U	P	A	N	R	O	D	M	P	I	R	L	O	N	Z	L	
O	N	B	E	R	G	A	N	T	I	N	R	V	K	D	L	O	S	Q	U	
W	N	O	A	G	E	B	A	X	A	D	A	H	C	N	A	L	E	C	L	
N	Y	T	H	E	P	K	E	T	O	B	E	L	I	A	P	Q	R	H	A	
F	I	J	O	P	R	A	L	E	M	A	G	D	P	D	B	U	X	A	N	
A	J	P	Y	U	I	T	A	P	S	N	T	E	O	R	O	E	D	L	C	
L	P	O	Q	W	E	R	N	A	A	C	R	R	N	T	T	C	L	A	H	
U	Y	L	A	S	D	F	C	S	M	E	A	G	I	F	E	H	A	N	A	
C	G	B	N	A	R	T	H	Z	X	C	I	B	N	V	X	E	N	A	D	
H	Z	E	T	Y	U	I	A	Q	E	U	N	E	E	A	E	M	C	F	E	
O	O	I	T	E	Z	D	V	E	C	V	A	S	R	N	I	A	H	P	R	
J	T	R	B	B	A	L	A	N	D	R	O	X	A	G	T	R	A	A	E	
H	R	O	A	R	I	E	T	N	A	L	O	V	C	U	E	I	D	R	L	
J	I	D	R	N	S	T	G	E	Y	O	Q	A	U	I	I	N	O	I	I	
Q	N	I	L	O	P	K	C	W	M	I	S	T	E	L	R	B	X	E	N	
O	C	B	O	E	E	H	C	A	Y	A	P	E	G	E	O	E	N	G	O	
S	A	U	T	L	E	F	O	D	W	A	M	C	S	I	R	W	I	I	A	
E	D	E	E	A	T	I	P	G	F	J	V	U	D	R	X	O	T	A	Y	
L	O	U	Y	G	R	E	S	Y	U	K	K	B	X	O	T	V	O	R	D	
M	G	Y	T	R	E	U	T	E	F	A	T	R	E	L	O	G	H	O	T	N

Alumado de 4ª

Partido de REMO, e cambiando unha  
sua letra cada vez, chegar a VELA  
Suxestión: Sínónimo de Embarcación ou  
Flota

	R	E	M	O
	V	E	L	A

Alumado de 4ª

- 1.- Embarcación
- 2.- Faga unha rotación
- 3.- Partición de tempo
- 4.- Desafío
- 5.- Cada un dos pasos longos con extremo en forma de pa.


Alumado de 4ª



- 0

+ eiro

BUZ

Embarcación a remo e a vela, máis grande có bote, coa proa e a popa da mesma forma.

Fun ao \_\_\_\_\_

Adiviñas

Embarcación

Jaime Barreiro 4ª

Adiviñas

Ti non me convences,

Es neno,

Eu son nena

E os dous somos normais.

Que é?

(Miguel Piñeiro 4ªB)

(Teresa 4ªB)

Estou no aire,

Pero vivo no auga

E coas ras xogando

Márchome.

Que é?

Estou no teu corazón como un caparazón,  
morro por coñecer-te  
e cóntoche un conto todas as noites.

Que é?

(Miguel Ángel 4ªB)




ARTIGO

T

De postre hai \_\_\_\_\_

(Noelia 4ªB)





## Horizontais:

- Barco de dous mastros e vela cadrada ou redonda.
- As revés: Codo un das aros que forman unha cades. Que comprenden as coutas con moita dificultade.
- Folle ou lámina móbil, de madeira ou metal, que serve para gobernar un barco facendo que se mova a un lado ou a outro. Letra que foi o número vinte das do alfabeto galego. Símbolo da tentala.
- Ensinanza Secundaria Obrigatoria. Ao revés: Pequena embarcación que se usa na pesca de baixura e como barco auxillar doutro maior, xeralmente de fondo plano.
- Utensilio composto dun mango e dunha falla de madeira ou de ferro con forma rectangular ou arredondada, que serve para recoller algo. Árbore de falla ancha e caduca, propia de lugares húmidos, que pode escodar unha grande altura e que ten unha madeira branca moi resistente á auga.
- Diante dun nome designa en xeral tódolos individuos ou obxectos dunha mesma clase. Peixe grande, de dous ou tres metros, de cor azul escuro na lombo e prateado no ventre, e de carne moi apreciada que se consume xeralmente en conserva. Ao revés: Pronome persoal última de segunda persoa do plural, tanto para o masculino como para o feminino, que funciona como obxecto directo e indirecto.
- Cincoenta. Embarcación case desaparecida que tivo o seu esplendor nas Rías Baixas desde principios do século XX ata o chagado dos motores que substituíran a navegación a remo e vela mística e de relinco con que contaban. Utilizáase para facer os plurais.
- Bureca ou abertura que pon en comunicación o interior de algo e o exterior. Parroquia do concello de Cangas que en tempos pertencou a Bueu. Vogal.
- En xapón: Sitio chous próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se betan a seco-las legumes, etc. (tamón, barrio de A Coruña). Entregan, conceden.
- Si, en inglés. Décimo terceiro letra do alfabeto galego. Máis malo (ca outro co que se compare).
- Décima sétima letra do alfabeto galego. Pequena embarcación con cuberta e un mastro.
- Ao revés: Contracción do adverbio u coa segunda forma do pronome (lo, lo, los, las). Ao revés: ... de auga; abertura debido a un accidente, no casco dunha embarcación. Abreviatura de Post Data.

## Verticais:

- Embarcación tradicional relevante en Bueu.
- Nome de muller. Ao revés: Fibras dunha planta. Cinco veces dez.
- Poa longo con extremo en forma de pa, que se emprega para desprezar certas embarcacións facendo forza no auga. Vogal. Antiga matrícula de Cidade Real. Antiga matrícula de Burges.
- Aíí comeza Galiza. Artigo determinado. Trailleira e, tamén, aparello de cerco empregado antigamente para a pesca do sardiño.
- Ao revés: Símbolo de dólmen, mímoa, menhir. Siglos de Unidade Africana, Unidade Alveosa e unidade astronómica. O seu nome é éfic. Pelo dólmen rúmicante que se utiliza para facer tecidos.
- Contracción da preposición en co artigo o (os). Embarcación pequena, a remos ou a motor, máis grande cón bate. Adverbio que indica de modo preciso un lugar situado a pouca distancia do que fala.
- Aparello de pesca composto por un aro e unha rede, que se utiliza para a captura do camarón ou tomán arte para o marisqueo chamado truíns. Vogais frances. Partido Nacionalista Vasco.
- Protocolo de Internet, que é un protocolo usado entre dúas máquinas en rede para encaminamento dos datos. Ao revés: Tio ... personificación nacional de Estados Unidos. Ao revés: Prolongación en que rematan as extremidades.
- Ao revés: Institución de carácter peripolicial tradicional de Cataluña (nas seus inicios un corpo armado de autoprotección civil, separado do exército, para propia defensa e á terra). Ao revés: Parte de adiante do barco.
- Ao revés: Mover os remos para impulsar unha embarcación. Ao revés: Embarcación pequena destinado á pesca, que xeralmente leva un mastro e pode ser a remo ou a vela e ten o proa redonda, o popo chato e a quilla pronunciada (había moitos na illa de Ons).

## TEMPO DE VACACIÓNS

Despois do duro traballo deste trimestre e todo un gustiño disfrutar duns días de descanso. As vacacións é tempo de lecer, é tempo de disfrutar, é tempo de deleitarse con aqueles tarefas que as presas habituais non nos permiten, é tempo de facer cousas diferentes ao traballo cotiá. E por iso que durante estes días é importante saber entreterse, pero aínda máis, buscar actividades que nos divirtan e nos aporten experiencias novas. Ahí van algunhas suxerencias que podes atopar no Concello.

**Gala da Igualdade:** domingo 16 de marzo ás 6 da tarde no Centro Social do Mar (coa proxección dunha reportaxe realizada por alumnos-as da vila, representación da obra "O mundo ás Avesas" escenificada por alumnos-as do colexio A Pedra e rematara á gala coa actuación musical de Carmen Dor).

**Actividades deportivas Concello:** Psicomotricidade e xogos cooperativos 17,18,19 e 20 de marzo no pavillón de 11 a 12:30 h. 25 prazas gratuítas para nenos-as de 4 a 9 anos)

Iniciación ao baloncesto 17,18,19, 20 de marzo no pavillón de 11 a 12:30 h. ( 25 prazas

gratuítas para nenos-as de 10 a 14 anos )

**Obradoiro Infantil de Reciclaxe:** 17 e 18 de marzo de 10:30 a 13 para nenos -as de 7 a12 anos, a inscrición realizarase no omix de forma gratuítas e as prazas serán limitadas.

**Banda de música para os máis rebulideiros e bandas de música,** na que participan moitos dos nenos-as do colexio actuará o día 21 en Hio.



E para os máis ecolóxicos non vos esquezades que estamos nunha boa época para plantar aquelas árbores e plantas que máis vos gusten.

Támen temos algunha suxerencia para os máis larpeiros os que podedes poñervos coas mans na masa e intentar de facer un saboreoso roscón de pascua ou unhas deliciosas torradas. Ahí vai a súa receita.

Corta en rebandas o pan e deixano remollando en leite.



Plato de torradas

Logo bate un par de ovos e rebaza as rebandas para fritilas en aceite ben quente. E por último botalle azucre e un chisco de canela mañá...

E si todos estes plans fallan ou non podes ir non vos esquezades que podes atopar os vosos amigos-as nos parques da vila ou na banda do río para xogar un partidoño a calquera dos moitos deportes que xa coñecedes.

**APOSTA POLO SANO E**

Como nel, para ter saúde todo o día. A saúde é importante, date un baño regularmente.

Fai exercicio todos os días.

**VIVIRÁS MOITOS ANOS**